

## Cursos de apoio para a preparación das competencias clave 2023.

Dende O Servizo de Dinamización , Formación e Emprego da Concellería de desenvolvemento local, cultura, festas e turismo do Concello de Culleredo vanse levar a cabo accións de formación co obxecto de servir de apoio na **preparación das competencias clave** para acceder aos certificados de profesionalidade de nivel 2 de cualificación profesional para o emprego.

Para acceder á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 débese posuir unha formación básica necesaria e para isto é preciso acreditar que se posúen certas titulacións, certificacións ou acreditacións. Cando o/a aspirante non posúe os requisitos académicos necesarios, que é a situación na que se atopan unha grande cantidade de veciños/as de Culleredo en situación de desemprego e demandantes de formación e emprego, existe outra vía de acceso que consiste na superación das probas de competencias clave que organiza a administración.

Estas accións formativas realizadas en anos anteriores, cunha grande acollida por parte dos veciños/as de Culleredo, permitiron que a maioría dos/as participantes superasen as probas e desta forma poidesen acceder aos cursos vinculados aos certificados de profesionalidade de nivel 2.

**Nº DE CURSOS:** 2

### REQUISITOS DE ACCESO:

- Empadroados/as en Culleredo.
- Maiores de 16 anos ou que os teñan feitos en 31 de decembro do ano natural en que se celebran as probas.
- Preferentemente en situación de desemprego e inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Non ter formación regrada igual ou superior á ESO, 2º B.U.P., F.P I ou equivalente, nin ter superadas as competencias clave de nivel 2 de lingua galega, lingua española e matemáticas.
- **Ter presentada a solicitude para participar nas probas de avaliación en competencias clave para acceder aos certificados de profesionalidade de nivel 2 de cualificación, que convocou a Xunta de Galicia para este ano 2023 ( Procedemento TR306A).**

**DURACIÓN DE CADA CURSO:** 40 horas.

### PRAZAS OFERTADAS:

Cada curso conta con 15 prazas. O curso que non cubra como mínimo o 80% das prazas poderá ser cancelado.

**ASIGNACIÓN DE PRAZAS:** Por orde de preinscrición, tendo en conta os requisitos de acceso sinalados anteriormente.

**A PREINSCRICIÓN será do 28 ao 31 de MARZO de 2023**, a través do formulario web, que atoparás na páxina web do Concello de Culleredo ( [www.culleredo.es](http://www.culleredo.es)).

**AS LISTAS** provisionais e as definitivas de admitidos/as, poderán consultarse na páxina web do Concello de Culleredo ou chamando ao Centro Municipal de Formación e Emprego " Pablo Picasso".

### MÁIS INFORMACIÓN:

Centro Municipal de Formación e Emprego " Pablo Picasso" do Concello de Culleredo.  
R/ Antonio Machado, s/n. O Burgo – Culleredo.  
Tfno.: 981664204

## Procedemento.

<b>Prazo de preinscrición</b>	<b>Do 28 ao 31 de MARZO de 2023</b>
<b>Publicación da lista provisional de admitidos/as</b> Pax. Web Concello- Taboleiro Pablo Picasso.	<b>4 de ABRIL de 2023</b>
<b>Presentación de alegacións:</b> Escrito presentado no C.M. Pablo Picasso ou enviado ao correo: formacion@culleredo.es.	<b>4 - 5 de ABRIL de 2023</b>
<b>Publicación da lista definitiva de admitidos/as</b> Pax. Web Concello- Taboleiro Pablo Picasso.	<b>12 de ABRIL de 2023</b>
<b>GRUPO I</b>  <b>LUNS- MÉRCORES</b>	<b>DATA PREVISTA DE INICIO DAS CLASES: 17/04/23</b> <b>DATA PREVISTA DE FIN DAS CLASES: 19/05/23</b>  <b>HORARIO :</b> De 9:30 a 13:30 horas ( 4h/dia) <b>luns-mércores</b> <b>Os festivos que cadren en luns ou mércores impartiranse os venres.</b>  <b>DÍAS LECTIVOS: 10 días</b> <b>Datas previstas de impartición:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>ABRIL: 17-19-24-26</b></li> <li>• <b>MAIO: 3-5-8-10-15-19</b></li> </ul>
<b>GRUPO II</b>  <b>MARTES-XOVES</b>	<b>DATA PREVISTA DE INICIO DAS CLASES: 18/04/23</b> <b>DATA PREVISTA DE FIN DAS CLASES: 18/05/23</b>  <b>HORARIO :</b> De 9:30 a 13:30 horas ( 4h/dia) <b>martes e xoves</b>  <b>DÍAS LECTIVOS: 10 días</b> <b>Datas previstas de impartición:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>ABRIL: 18-20-25-27</b></li> <li>• <b>MAIO: 2-4-9-11-16/18</b></li> </ul>